

## -RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-

Este Concello ten como unha das súas prioridades o fomento da do lecer e das actividades de ocio e lecer. Dentro do equipamento para este fin, o Concello dispón dun Centro Socio-cultural, emprazado no lugar de Cebreiro, parroquia de Franqueira, o cal conta cun espazo destinado a bar, que na actualidade non está a ser explotado.

Dada conta, polo Concellería-Delegada de cultura, da necesidade de proceder á súa explotación para mellorar o servizo que se presta nesas dependencias.

Estimando axeitada e procedente a súa proposta, por entender que a materialización da mesma redundaría nunha mellora da prestación dos servizos por parte desta administración decidíuse iniciar a tramitación do cotrespondinte expediente administrativo.

Por Providencia da Alcaldía de data 21.09.2016 iniciouse procedemento de contratación para a adxudicación do contrato de servizos consistente na explotación do bar e xestión do centro socio cultural da Franqueira-A Cañiza,(Pontevedra).

Con data 18.10.2016 aprobouse o expediente incluído os correspondintes Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas , publicándose anuncio no B.O.P. de Pontevedra Nº 208 de data 31.10.2016.

A vista de que no Prego de Cláusulas Administrativas se establece na súa cláusula 13 que; "*De conformidade co indicado no artigo 21.4 do RD 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP, a composición publicarase no perfil do contratante do Concello de Ponte Caldelas cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral á que fai referencia ó artigo 146.1 de TRLCSP.*"

Considerando as competencias que establece a Disposición Adicional 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Designar como membros da Mesa de Contratación os seguintes;

-PRESIDENTE, D.Miguel Adolfo Domínguez Alfonso. Alcalde-Presidente.

-VOGAIS:

- D.Carlos Ricón Moraña.

- Dª.Ana María Cerviño Álvarez.

- Dª.Marta Marín Gracia.

- D.Jacobo Barreiro Pimentel.

SECRETARIO: Dª.María Anxos Rodriguez Varela.

**SEGUNDO:** Convocar a Mesa de Contratación en sesión non pública a celebrar o próximo venres día 16.12.2016, para que proceda a cualificación da documentación xeral. Abertos os sobres A, a Mesa declarará admitidos inicialmente aos licitadores que teñan presentados correctamente a declaración responsable incluída como Anexo I, a salvo de que nun momento posterior se lles poda solicitar acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó procedemento, e de non reunilos excluírase da mesma.

Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido se puidera deducir que algún dos licitadores non reúnen os requisitos para ser admitido como licitador no presente documento, comunicarlle ós interesados por correo electrónico ou Fax esta circunstancia, concedéndolles un prazo non



superior a tres días hábiles para que os corrixa ou emenden. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación.

A continuación procederase, en acto público, á apertura do sobre B. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RGLCAP.

**TERCEIRO:** Que se proceda a publicación desta Resolución no Perfil do contratante deste Concello

*Documento asinado electrónicamente (art. 19 da Lei 11/2007) por MIGUEL A. DOMINGUEZ ALFONSO, Alcalde do Concello de A Cañiza, dando fe do mesmo, JACOBO BARREIRO PIMENTEL Secretario do Concello*

**DECRETO**

Número: 2016-0868 Data: 09/12/2016



Cod. Validación: AZDA2MDLXC2CLDAW2TN2W9ZLA | Corrección: <http://caniza.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2